

Eje Estratégico de Actuación 3

Garantir o tratamento transversal da dimensión de xénero no sistema académico, científico e tecnolóxico de Galicia. Os obxectivos específicos das actuacións son os seguintes:

1. Incorporar a perspectiva de xénero nas propostas de investigación e estudos financiados con fondos públicos.

- 1.1. Incluír, como requisito básico nas convocatorias públicas de axudas á investigación, a incorporación da perspectiva de xénero no deseño dos proxectos e propostas técnicas.
- 1.2. Elaborar unha guía práctica sobre como aplicar a transversalidade de xénero nas propostas que se presenten ás convocatorias públicas de axudas á investigación.
- 1.3. Elaborar un manual operativo para o tratamento transversal do xénero nos estudos ou investigacións que se realicen con cargo a orzamentos públicos.
- 1.4. Prestar asesoramento sobre a integración do principio de igualdade de xénero en todas as fases de aplicación, control e avaliación dos proxectos e programas de investigación científica levados a cabo con apoio e financiamento do goberno galego e outras institucións públicas.

2. Incorporar a transversalidade de xénero no deseño de políticas científicas, universitarias e de desenvolvemento tecnolóxico.

- 2.1. Elaborar un manual operativo (e de boas prácticas) sobre como transversalizar de maneira efectiva a dimensión de xénero nas políticas autonómicas de investigación científica e innovación tecnolóxica e integrar as políticas europeas, estatais e galegas en materia de muller e ciencia.
- 2.2. Realizar unha análise de xénero do Plan INCITE cara á elaboración dunha guía práctica para facer efectiva a transversalidade de xénero en todos os programas que o integran, tanto na fase de planificación, como de execución e avaliación, así como nas estruturas creadas para a súa implantación.
- 2.3. Reforzar a perspectiva de xénero na elaboración dos comunicados, publicacións, webs... que se realicen desde o sistema universitario, científico e tecnolóxico de Galicia, comezando pola utilización sistemática dunha linguaxe non sexista.
- 2.4. Promover a colaboración da Unidade de Muller e Ciencia de Galicia coa Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) para incluír a perspectiva de xénero na Semana Galega da Ciencia.
- 2.5. Colaborar coas oficinas de igualdade das universidades na implantación efectiva da transversalidade de xénero no SUG.

- [Ciencia](#) [1]
- [Innovación](#) [2]
- [Investigación](#) [3]
- [Tecnoloxía](#) [4]

- [Ciencia](#)
- [Innovación](#)
- [Investigación](#)
- [Tecnología](#)

URL de origen:

<http://unidadedamullereciencia.plexus.es/es/informacion/eje-estrategico-de-actuacion-3>

Enlaces:

- [1] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/es/category/taxonomia-temas/ciencia>
- [2] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/es/category/taxonomia-temas/innovacion>
- [3] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/es/category/taxonomia-temas/investigacion>
- [4] <http://unidadedamullereciencia.plexus.es/es/category/taxonomia-temas/tecnologia>